



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E O CLÚSTER DA PIZARRA DE GALICIA PARA A OBTENCIÓN DA DECLARACIÓN AMBIENTAL DE PRODUTO SECTORIAL DA LOUSA NATURAL COMO ACTIVIDADE DO PROGRAMA DE SUSTENTABILIDADE DO SECTOR DA LOUSA.

En Santiago de Compostela,

1 2 XULL. 2021

REUNIDOS:

Don Francisco José Conde López, en representación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 112/2020, de 6 de setembro, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte, don Víctor Miguel Cobo Arias, como Presidente do Clúster da Pizarra de Galicia (en adiante CLÚSTER), entidade domiciliada no Centro Tecnolóxico da Pizarra, 32330 Sobradelo de Valdeorras, Ourense, elixido na asemblea xeral celebrada o día 5 de novembro de 2019.

Ambos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos deste convenio de colaboración e para o efecto.

EXPOÑEN

Primeiro.- O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Segundo.- O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (en diante VCEEI) configura esta como o órgano da Administración Xeral da Comunidade



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA

Autónoma de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio de funcións en materia de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

Terceiro.- O Clúster da Pizarra de Galicia, constituído por corenta empresas que teñen a súa actividade relacionada coa lousa, ten entre os seus fins, o incremento do nivel de competitividade do sector da lousa, promovendo e impulsando a execución de proxectos concretos de carácter innovador e a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, servir de centro de documentación para todos os asociados e realizar os estudos, así como calquera outras competencias, facultades ou funcións que se consideren necesarias ou convenientes para o cumprimento dos seus fins.

Cuarto.- De conformidade coa Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable de NN.UU., a sustentabilidade conxuga tres dimensións: económica, social e ambiental. Neste senso, o desenvolvemento sustentable, entendido como a conxunción de progreso económico, xustiza social e protección medioambiental, implica non só a aplicación das técnicas máis respectuosas co medio ambiente e coa preservación dos ecosistemas naturais e a rehabilitación do espazo natural afectado, senón tamén a integración social da actividade económica e a creación de valor para a comunidade social afectada, tanto durante o desenvolvemento da explotación como unha vez rematada esta, reconvertendo antigas infraestruturas mineiras en motores de desenvolvemento económico e social, contribuíndo á sustentabilidade social e territorial, ademais de preservar o legado histórico e cultural de Galicia.

Quinto.- A aplicación efectiva do principio de desenvolvemento sustentable no ámbito da minería non só supón un obxectivo primordial para a VCEEI compartido polo Clúster da Pizarra de Galicia senón o marco no que, de conformidade coa Axenda 2030 e cos obxectivos da Unión Europea e a lexislación comunitaria, han de desenvolverse as políticas públicas para o sector da minería, e particularmente para o sector da lousa.

Sexto.- Así mesmo, para promover a transición da Comunidade Autónoma de Galicia cara a unha economía circular seguindo as premisas impostas no ámbito comunitario (recollidas no Plan de Acción para a Economía Circular da Comisión Europea 2015) e no ámbito estatal

 Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA

(“Estratexia Española de Economía Circular, España Circular 2030”), no Consello da Xunta de Galicia celebrado o 12 de decembro de 2019 aprobouse a Estratexia Galega de Economía Circular 2020-2030, coa que a Xunta de Galicia quere impulsar un cambio nesta década que permita substituír o noso sistema económico lineal por outro máis eficiente e racional, baseado na recuperación de materiais e que poña en valor os recursos identificados como característicos do territorio, entre os que se atopan os recursos mineiros (granito, lousa, etc.), obtidos mediante o uso de tecnoloxías máis limpas e con prácticas sustentables.

Sétimo.- No marco da sustentabilidade as Etiquetas Ecolóxicas Europeas (EEE) foron creadas co obxectivo de dar a coñecer as cualidades medioambientais dos produtos etiquetados, de tal forma que poidan ser diferenciados de outros da competencia con ciclos de vida con cualidades medioambientais inferiores, e desta maneira fomentar o consumo responsable por unha dobre vía: por unha banda estimulando aos consumidores a escoller produtos etiquetados por representar estes menores repercusións sobre o medio ambiente, e por outra banda estimulando aos fabricantes a producir con maior sustentabilidade.

Neste contexto diferéncianse tres tipos de EEE, destacando as de tipo I e tipo III por contar no proceso de etiquetado con entidades certificadoras independentes, sendo a Declaración Ambiental de Produto (DAP) unha ecoetiqueta tipo III que mostra o perfil ambiental dun produto baseado en datos cuantificados e verificables obtidos ao levar a cabo un estudo de Análise do Ciclo de Vida (ACV) do produto, realizado no marco establecido polos estándares internacionais como son as Normas ISO 14040 e 14044.

Concretamente no caso dunha DAP sectorial amósase o perfil ambiental relativo a un produto con características funcionais similares, para o cal se empregan os valores medios de parámetros como son o consumo enerxético, esgotamento de recursos, consumo de auga, residuos sólidos, cambio climático, acidificación atmosférica, polución do aire e da auga, destrución da capa de ozono, formación de ozono fotoquímico, etc., resultantes dos datos relativos ao dito produto obtidos de varios fabricantes representativos do sector.

Para un sector como o da lousa a obtención da DAP sectorial da lousa natural é un instrumento especialmente útil polo valor que aporta a medición obxectiva dos impactos ambientais ao longo da vida do produto, tanto desde o punto de vista da súa comercialización, xa que permite comparar entre uns produtos e outros no que se refire aos seus impactos ambientais, como para o fomento de prácticas máis sustentables nas empresas do sector.

Oitavo.- No contexto descrito, tendo en conta a configuración do Clúster da Pizarra de Galicia como a entidade que integra ao sector da lousa en Galicia practicamente na súa totalidade



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

de, abarcando todo o proceso da extracción, elaboración, comercialización, colocación e de I+D+i, é dicir, toda a cadea de valor da lousa, constitúe a entidade idónea para levar a cabo as actuacións que son obxecto deste convenio que se pretenden que sexa de utilidade para a aplicación efectiva do principio de sustentabilidade no ámbito da minería da lousa.

Noveno.- Na Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, figura a aplicación orzamentaria 06.02.734A-640.06, proxecto 2021/00027, na que existe crédito dispoñible suficiente.

En consecuencia, as partes acordan subscribir este convenio de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e descrición das actuacións

Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Clúster da Pizarra de Galicia para levar a cabo determinadas actuacións específicas para a obtención da Declaración Ambiental de Produto sectorial da lousa natural que o CLÚSTER e a VCEEI desenvolverán en execución deste convenio.

Segunda.- Descrición das actuacións e compromisos das partes

1.- As actuacións concretas obxecto do convenio de colaboración, e que se describen a continuación, son aquelas necesarias para que o sector da lousa obteña a Declaración Ambiental de Produto (DAP) sectorial da lousa natural:

a) Elaboración do Inventario do Ciclo de Vida do produto. Realizado cos datos obtidos dos formularios que o CLÚSTER facilitará ás empresas do sector da lousa natural, relativos a diversa documentación referida a consumos enerxéticos, materias primas, residuos, emisións e procesos produtivos. Realizaranse visitas ás ditas empresas, coordinando as reunións necesarias que faciliten a obtención dos datos contidos no formulario.

b) Simulación do Impacto Ambiental do Produto. Simulación do proceso produtivo cumprindo coas Regras de Categoría de Produto establecidas polos estándares internacionais.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

c) Realización do informe de Análise do Ciclo de Vida. Cos datos obtidos das fases anteriores realizarase un informe descritivo do proceso produtivo e detallado de todo a Análise de Ciclo de Vida do produto.

d) Redacción do Documento DAP sectorial. Cos resultados do informe de Análise do Ciclo de Vida, elaborárase o documento correspondente co formato propio do xestor do sistema seleccionado polo CLÚSTER.

e) Apoio durante a Verificación que levará a cabo unha terceira parte auditora seleccionada polo CLÚSTER, realizando todos os trámites necesarios para asegurar unha correcta verificación de toda a documentación elaborada nas etapas anteriores, e acompañando á parte auditora durante a visita aos centros de traballo das empresas do sector da lousa natural.

f) Celebración xornada/s de difusión das actuacións realizadas.

2.- A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto co CLÚSTER a coordinación das actuacións obxecto deste convenio, para cuxo efecto designará un técnico da Subdirección Xeral de Recursos Minerais que exercerá de interlocutor entre a VCEEI e o CLÚSTER.
- Subministrar e facilitar aquela información dispoñible que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste convenio, en particular o referente aos indicadores de sustentabilidade definidos ao abeiro do convenio que, en materia de sustentabilidade, se subscribiu entre a VCEEI e a Cámara Oficial Mineira de Galicia no 2020, así como a diagnose da situación relativa ao sector da lousa realizada no mesmo. Esta información só poderá ser empregada polas partes asinantes deste convenio para a execución do dito convenio.
- Subministrar o apoio e asesoramento técnico preciso.
- Contribuír á difusión dos resultados das actuacións obxecto deste convenio.
- Contribuír economicamente para a compensación dos gastos derivados da execución das actividades obxecto deste convenio de conformidade co establecido nas estipulacións que seguen, dado que tal e como se indica na parte expositiva, a VCEEI considera de interese apoiar a realización de tales actuacións.

O Clúster da Pizarra de Galicia asume os seguintes compromisos:

- Exercer xunto coa VCEEI a coordinación das actuacións obxecto deste convenio; para cuxo efecto designárase a un interlocutor para relacionarse coa VCEEI;



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

- Realizar as labores de difusión das actividades obxecto deste convenio, mediante a celebración de xornada/s que a VCEEI e o CLÚSTER consideren necesarias.
- Cumprir cos obxectivos deste convenio e executar as actuacións contempladas no punto primeiro da presente cláusula.

En caso de incumprimento destes compromisos, calquera das partes poderá notificar de maneira fidedigna á outra un requirimento para que cumpra no prazo de trinta días naturais cos compromisos que se consideren incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu, notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio, aínda que as prácticas que comezasen con anterioridade ao acordo resolutorio non se verán afectadas producindo o convenio todos os seus efectos ata a súa completa finalización.

Terceira.- Interese público concorrente

Nos termos descritos na parte expositiva, as actuacións obxecto deste Convenio e descritas na cláusula anterior, son consontes coas finalidades e funcións do CLÚSTER, teñen como obxectivo último a promoción da aplicación efectiva do principio de desenvolvemento sustentable no ámbito da minería da lousa, no particular contexto económico vixente.

Cuarta.- Custo das actuacións e financiamento das mesmas

1.- O custo total das actuacións obxecto do convenio estímase en **SESENTA E SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (67.500,00 €)**, IVE incluído, o cal se detalla a continuación por tipos de actuacións:

TIPOS DE ACTUACIÓNS	ORZAMENTO	ORZAMENTO
	XUNTA	CLÚSTER
a. Elaboración do Inventario do Ciclo de Vida do Produto	15.875,20 €	1.500,00 €
b. Simulación do Impacto Ambiental do Produto	4.138,20 €	400,00 €
c. Realización do informe de Análise do Ciclo de Vida	9.005,00 €	1.600,00 €
d. Redacción do Documento DAP sectorial	13.445,60 €	1.000,00 €



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

e. Apoio durante a Verificación	13.728,39 €	2.500,00 €
f. Celebración xornada/s de difusión	3.807,61 €	500,00.€
TOTAL	60.000,00 €	7.500,00 €
TOTAL CONVENIO 2021	67.500,00 €	

Sen necesidade de instar o procedemento de modificación do convenio previsto na cláusula décimo primeira, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto das distintas actuacións coa limitación do 10 %, é dicir, admitirase como válido o gasto da cantidade concedida para cada tipo de actuacións máis un desvío producido como máximo do 10%, sempre que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non se desvirtúen as características das actuacións.

2.- Para o financiamento dos gastos que xeren as actuacións obxecto deste convenio, a Xunta de Galicia, a través da VCEEI, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ata un máximo de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)** con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.734A-640.06, proxecto 2021/00027, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin, sen que en ningún caso a obriga de financiamento da VCEEI poda exceder da cantidade de 60.000,00 €.

3.- No suposto de que se produzan variacións no custo final das actuacións derivadas de procedementos de contratación ou doutras causas, a achega da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación non superará o custo final das actuacións nin excederá de 60.000,00 €.

Quinta- Condicións económicas

O CLÚSTER empregará a totalidade da achega económica indicada na cláusula cuarta anterior nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos realizados, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que o CLÚSTER está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais para estes efectos.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria final e a documentación xustificativa á que se fai referencia na cláusula sexta seguinte.

Sexta.- Obrigas específicas do Clúster da pizarra de Galicia

1.- Ao CLÚSTER correspóndelle realizar todas as actuacións necesarias para a execución das actuacións obxecto deste convenio e cumprir as condicións e obrigas recollidas nel.

2.- Co obxecto de garantir a adecuada execución do convenio asumirá a dirección do desenvolvemento das actuacións e asignará os medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, poderá subcontratar ata o 80% dos servizos precisos para desenvolver as actuacións recollidas na cláusula segunda do convenio. En todo caso, o CLÚSTER asumirá a total responsabilidade da execución da actividade fronte á Administración.

3.- Sen prexuízo das demais obrigas especificadas nas cláusulas deste convenio, así como das obrigas que resulten da normativa aplicable, o CLÚSTER comprométese a executar as actuacións descritas na cláusula segunda nos termos seguintes:

- Destinar os fondos que perciba ao obxecto concreto deste convenio no período comprendido entre a data de sinatura deste convenio e o 20 de decembro de 2021.
- Xustificar ante a Xunta de Galicia o cumprimento do convenio e a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste así como o seu custo real, no tempo e na forma establecidas neste convenio.

4.- O CLÚSTER terá de prazo para presentar a documentación xustificativa dos gastos realizados para levar a cabo as actuacións obxecto do convenio ata o 20 de decembro de 2021.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos neste convenio realizarase mediante a presentación electrónica por parte do CLÚSTER da correspondente factura desagregada pola totalidade dos investimentos realizados xunto coa seguinte documentación:

a) Declaración responsable do representante legal da entidade do cumprimento da finalidade do convenio e das condicións e obrigas recollidas nel, e da aplicación dos fondos destinados para tal efecto.

b) Declaración responsable da xustificación da aplicación de fondos, segundo o modelo recollido no Anexo I, que inclúa o seguinte:



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

- Memoria xustificativa das actuacións desenvolvidas, asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado, na que se especificarán as actividades concretas realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución das actuacións financiadas, conforme á desagregación orzamentaria establecida na cláusula cuarta do convenio.

- Memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas ao abeiro deste convenio que conterá unha relación clasificada das actividades realizadas e dos gastos de cada actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Esta táboa virá asinada e selada polo responsable legal da entidade. Os gastos figurarán ordenados e desagregados por actividade. Entregarase en formato dixital, como folia de cálculo, de acordo aos modelos establecidos no Anexo I.

Achegaranse os orixinais ou fotocopias compulsadas das facturas ou outros documentos contables de valor probatorio equivalente relacionados na memoria económica, acompañados dos comprobantes do seu pagamento en orixinal ou fotocopia compulsada. En relación aos gastos de persoal, o CLÚSTER acreditará, mediante certificación expedida ao efecto, os gastos correspondentes ás actuacións realizadas relativas ao obxecto do convenio.

c) Declaración responsable relativa á titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento.

d) Declaración responsable relativa á situación da entidade en relación ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

Os órganos competentes da VCEEI poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Sétima.- Transparencia e publicidade

1.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente o tratamento dos datos relevantes deste convenio, incluídos os datos de carácter persoal, e a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da VCEEI, de acordo co establecido na normativa sobre transparencia e goberno aberto.

2.- Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes nos rexistros públicos que proceda.



Xacobeo 2021





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

3.- En toda a información e publicidade das actividades obxecto deste convenio farase constar, nun lugar destacado, o financiamento da VCEEI e utilizaranse, cando proceda, a imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia.

Oitava.- Relación laboral coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación

A subscrición deste convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Novena.- Comisión de seguimento

1.- A comisión de seguimento estará formada por un representante da VCEEI e un representante do CLÚSTER, e poderá reunirse periódica ou puntualmente, tantas veces como sexa necesario a petición de calquera dos seus membros.

Poderán asistir á Comisión de Seguimento, convocados por parte de calquera das partes asinantes, cantas persoas estímense necesarias para o asesoramento técnico da mesma, que poderán ser persoal propio da VCEEI o do CLÚSTER ou terceiros alleos a eles. Estes asesores técnicos non terán a consideración de membros da comisión.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público.

2.- As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes.
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas.
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas.
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas.
- e) Calquera outras relacionadas co desenvolvemento e bo fin deste convenio.

Décima.- Propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre os traballos resultantes deste convenio, son titularidade conxunta da VCEEI e do CLÚSTER, salvo renuncia expresa



Xacobeo 2021



dalgunha das partes, as cales se comprometen a empregalas dentro dos fins que lle son propios.

Décimo primeira.- Modificación, extinción e causas de resolución do convenio

1.- Calquera modificación das cláusulas deste convenio deberá ser solicitada á VCEEI, quen decidirá sobre a súa procedencia e, no caso de aceptarse, levarase a cabo a súa formalización mediante a correspondente addenda.

2.- O convenio extinguirase polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

3.- Son causas de resolución deste convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime das partes asinantes.
- c) O incumprimento total ou parcial do obxecto do convenio así como o incumprimento de calquera das cláusulas, obrigas e compromisos asumidos polas partes asinantes establecidos nel.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.

De resolverse o convenio, a VCEEI poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décimo segunda.- Vixencia do convenio

1.- Este convenio entrará en vigor ao día da súa sinatura e esténdese ata o 20 de decembro de 2021.

2.- Este convenio é susceptible de prórroga sempre que, antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, as partes asinantes tramiten e subscriban a correspondente addenda.

Décimo terceira.- Natureza xurídica e réxime xurídico

1.- Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

2.- Este convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG núm. 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

3.- As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, pola VCEEI, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Lido o presente convenio e, en proba de conformidade asíñase polas partes, en triplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

O vicepresidente segundo e conselleiro de
Economía, Empresa e Innovación

Francisco José Conde López

O presidente do Clúster da Pizarra de
Galicia

Víctor Miguel Cobo Arias



Xacobeo 2021



ANEXO I MODELO DA XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DOS FONDOS

D., como representante do CLÚSTER DA PIZARRA DE GALICIA con NIF e enderezo en e parte no Convenio de colaboración coa Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para a obtención da Declaración Ambiental de Produto sectorial da lousa natural como actividade do programa de sustentabilidade do sector da lousa, por un importe de €, declara baixo a súa responsabilidade ter realizado un gasto por importe de€ e, en cumprimento do disposto na cláusula **sexta** do devandito convenio, presenta ante a dita Consellería a xustificación dos gastos realizados para levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, composto por unha **Memoria de Actuacións** que se acompaña e unha **Memoria Económica abreviada** xustificativa do custo das actividades realizadas que se acompaña e que inclúe os Cadros 1 e 2.

En....., a de de 2021





CADRO 1: RELACIÓN DE GASTOS (EXCEPTO PERSOAL PROPIO)

REF. (1)	Nome da actividade	Descrición do gasto (2)	Provedor	N.I.F. Provedor	Nº. Factura	Data emisión factura	Data pagamento factura	Importe neto factura	IVE (3) (non repercutible)	Custo total (IVE incluído)	Importe pagado
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											
12											
13											
XX											
TOTAL PÁXINA											

NOTAS explicativas:

- (1) Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Incluirase unha explicación clara e comprensiva do gasto imputado
- (3) IVE non repercutible soportado polo Beneficiario

Sinatura representante legal e selo do Clúster da Pizarra de Galicia





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación
Enerxética e Recursos Naturais



**CLUSTER
DA PIZARRA
DE GALICIA**

CADRO 2: RELACIÓN DE GASTOS DE PERSOAL PROPIO

REF. (1)	Nome da actividade	Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo (2)	Data de inicio (3)	Data Final (3)	Nº. total de horas anuais segundo o contrato (4)	Salario Bruto (5)	Custo SS a cargo da empresa	Salario bruto + custo SS a cargo da empresa	Custo hora (6)	Nº. Horas imputadas ao convenio	Custo total imputado ao convenio (7)
1													
2													
3													
4													
5													
6													
7													
8													
9													
XX													
TOTAL													

NOTAS explicativas:

- (1) Achegaranse os documentos segundo esta orde de referencia
- (2) Indicar o posto de traballo da persoa
- (3) Período de tempo adicado polo persoal a cada actividade por cada tipo de actuación.
- (4) Horas anuais do empregado segundo o contrato de traballo.
- (5) Salario bruto (antes de ningunha dedución)
- (6) Salario Bruto + Seguridade Social a cargo do Beneficiario / nº de horas totais efectivas (traballadas) no ano
- (7) Custo hora * Nº. horas imputadas a cada actividade do tipo de actuación

Sinatura representante legal e selo do Clúster da Pizarra de Galicia

